



CONCELLO DE REDONDELA

Expte nº: 4606/2018

Procedemento: Licenza de Ocupación de Ben de Dominio Público

Asunto: Autorización para instalación de postos (Barra de Bar) con motivo do Carnaval de Verán 2018

Responsable: Contratación.mgm

ANUNCIO PARA ADXUDICACIÓN DE LICENZAS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS (BARRAS DE BAR) EN DOMINIO PÚBLICO CON MOTIVO DO CARNAVAL DE VERÁN 2018

Aprobados por resolución da Alcaldía de data 30.07.2018 os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e os de prescricións técnicas (PPT) que rexerán na licitación, mediante subasta, para o outorgamento de licenzas para a instalación, uso e explotación de postos (Barra de Bar) de bebidas e comida rápida (bocadillos fríos, comida elaborada e snacks) con motivo da celebración do Carnaval de Verán 2018, faise público para efectos de presentación de ofertas polos licitadores interesados o seguinte anuncio:

1. Entidade adxudicadora. Datos xerais e datos para obtención de información.

a) Organismo: Concello de Redondela.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

c) Núm. de expediente: 4606/2018

d) Obtención de documentación:

- Perfil contratante Concello de Redondela a través da sede electrónica do concello. Enlace dispoñible nna web municipal.
- Asemade poderán descargar os PCAP e PPT introducindo na sede electrónica, no apartado de "INFORMACIÓN XERAL", os seguintes códigos seguros de verificación (CV):

PCAP: D6CTHNQEMM5KM5EATM49KN39Y

PPT: 47CGJ4TKH7MW36TA26QN4Q7ZQ

2. Obxecto da licitación

a) Obxecto: licenzas de uso común especial dos terreos situados no termo municipal de Redondela, en zonas de dominio público nas zonas delimitadas no ANEXO do prego de prescricións técnicas (PPT), destinados á instalación, uso e explotación de trece (13) postos (Barra de Bar) de bebidas e comida rápida (bocadillos fríos, comida elaborada e snacks) con motivo da celebración do Carnaval de Verán 2018, os días comprendidos entre o 18 e 19 de agosto de 2018.

A actividade de venda obxecto das autorizacións reguladas no presente prego deberá axustarse obrigatoriamente a venda de BEBIDAS SEN ALCOHOL. Esta modalidade de venda directa ao consumidor soamente autorizará a venda directa de bebidas sen alcohol, ademais da venda de comida rápida (bocadillos fríos, comida elaborada e

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



CONCELLO DE REDONDELA

snacks).

b) Vixencia da autorización: coincidente coa duración da instalación da barra, será dende o venres 17 de agosto de 2018 (data da instalación) ata o domingo 19 de agosto de 2018 (data da desmontaxe).

c) Natureza xurídica: licenzas para uso común especial de bens de dominio público destinadas á prestación de servizos particulares dirixidos ao público, non configurándose como unha concesión administrativa senón como unha utilización de menor entidade que non xenera vínculo estable nin dereito no comerciante sobre o dominio público.

3. Tramitación e procedemento

a) Tramitación: urxente

b) Procedemento: poxa a teor da proposición económica presentada en sobre pechado polos solicitantes, sendo rexeitadas aquelas proposicións económicas inferiores ao canon mínimo que para cada posto figura na cláusula 5 do PCAP, concedéndose a licenza do posto ao licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa, podendo a mesma persoa ser adxudicataria de un ou varios postos, sen que exista limitación.

4. Prezo de licitación

a) Importe mínimo: 200,00 euros.

b) Prazo de ingreso: o canon deberá ser abonado, a partir da data seguinte á comunicación da proposta de adxudicación en su favor, no prazo sinalado na base 7.2 do PCAP.

5. Fianza

a) Importe: 550,00 euros

b) Prazo de constitución: máximo de tres (3) días hábiles a contar dende ao seguinte a recepción do requirimento realizado polo alcalde aos que resulten propostos como adxudicatarios.

6. Documentación a presentar para concorrer á licitación. Contido da proposicións

A establecida na cláusula 4.2 do PCAP :

- Oficio indicando o desexo de participar na licitación que poderá conter unha autorización asinada polo representante legal da empresa ou persoa que concorre á licitación para que o Concello de Redondela comprobe de oficio que a empresa ou persoa licitadora se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias (estatal e Concello) e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes, segundo do ANEXO I do PCAP.

- Un ÚNICO SOBRE PECHADO, identificado co título "*OFERTA PARA PARTICIPAR NA LICITACIÓN PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA INSTALACIÓNS DE POSTOS (BARRA DE BAR) CON MOTIVO DO CARNAVAL DE VERÁN 2018 DO CONCELLO DE REDONDELA*"

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894



No exterior do Sobre sinalarase de forma lexible e visible os seguintes datos:

- Nome e apelidos do solicitante ou, no seu caso, denominación social da empresa e nome e apelidos do representante que asina a oferta
- Copia do DNI da persoa que formula a oferta e de ser unha empresa ou autónomo, tamén achegará copia do NIF, ou de ser o caso, do CIF.
- Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico a efectos de notificacións electrónicas

Este Sobre conterá

- 1) Oferta económica (oferta de canon) que deberá realizarse no modelo de Proposición da cláusula 4.3 do PCAP.
- 2) No caso de non autorizar ao Concello de Redondela a comprobar de oficio que a empresa ou persoa licitadora se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias (estatal e Concello) e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes (ANEXO I do PCAP) deberá achegar tamén certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias (co Estado e concello de Redondela) e certificado de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.

7. Documentación a presentar polos licitadores que resulten propostos como adxudicatarios

A especificada na cláusula 7.2 do PCAP que deberá presentarse no prazo de tres (3) días hábiles a contar dende ao seguinte a recepción do correspondente requirimento.

8. Presentación de Ofertas:

a) Prazo: sete (7) días hábiles (de luns a venres excluíndose os festivos que existan de ser o caso) a contar desde o día seguinte á publicación do correspondente anuncio no taboleiro electrónico do concello e no perfil de contratante aos que se accede a través da sede electrónica do Concello de Redondela (<http://redondela.sedelectronica.es>).

b) Lugar de presentación

- Dependencia: Rexistro Xeral do Concello de Redondela sito na planta baixa da Casa Consistorial (rúa Alfonso XII, 2, 36800 Redondela), persoalmente ou por mensaxería.
- Envío por correo de conformidade coa cláusula 4.1 do PCAP e 84 do Real decreto legislativo 1098/2001 (cando a documentación sexa enviada por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao fax núm. 986403894).

9. Apertura Ofertas

O acto de apertura de proposicións terá lugar nun prazo máximo de dous días hábiles seguintes ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, ante unha Mesa de contratación, constituída ao efecto no citado acto. A data, hora e lugar deberá ser publicada no taboleiro electrónico do concello e no perfil de contratante, cun mínimo de 24 horas de antelación.



10. Páxinas web para obtención de información:
<http://www.redondela.sedelectronica.gal>; www.redondela.gal.